

I D e A S

Igualdade e Diversidade Afectivo Sexual

Certame de microrrelatos 25 de novembro Día internacional pola eliminación da violencia de xénero

Microrrelato gañador na categoría "Alumnado de 1º e 2º"

Boas... Son o gato da familia Acuña Vila, dende hai uns meses escoito berros a todas horas. Os meus donos son pólos opostos, basicamente o home é un tolo e a muller é todo un amor. Pobre dela, o que ten que aturar...

O luns á noitiña estaban metidos nunha lea, coma case todos os días, pero esta non foi como as demais... El viña do bar, estaba moi agresivo, pola contra ela parecía estar tranquila, eu limitábame a estar no sofá. O babeco saudouna cun golpe seco na cara e ela quedou inmóbil. Eu, que xa estaba farto desta situación, peguei un chimpo e rabuñeille toda a cara, mandándoo para o hospital un tempo.

A día de hoxe está no cárcere. Así que, compañeiros, sexades quen sexades, non deixedes que estas situacións ocorran e actuade!

Ánxela Misa Troncoso 4º B